

## INFORME SOBRE O IMPACTO DA COVID-19 NA ACTIVIDADE DO TRANPORTE POR TAXI EN GALICIA

A Dirección Xeral de Mobilidade remitiu un escrito ao Instituto Galego de Estatística (IGE) no que solicita un informe estimando o impacto económico da crise sanitaria ocasionada pola Covid-19 sobre o sector do taxi en Galicia.

Para dar resposta a esta solicitude, o IGE realiza este informe que analiza a información estatística existente sobre esta actividade na Comunidade galega, tratando de identificar os efectos no sector do taxi das restricións impostas á circulación de persoas e á realización dalgunhas actividades económicas.

### CONTEXTUALIZACIÓN

O sector do taxi identifícase no estándar estatístico de clasificación de actividades económicas, a Clasificación Nacional de Actividades –CNAE 09-, mediante a clase 4932 ‘Transporte por taxi’.

**No ano 2018, operaban en Galicia 3.316 empresas nesta actividade. A meirande parte delas (o 99,1%) funcionando baixo a condición xurídica de persoa física, só existían 31 empresas doutros tipos de condición xurídica.**


**Táboa 1 Empresas do Sector do taxi con actividade en Galicia segundo condición xurídica. Ano 2018**

Personalidade xurídica	Número empresas	Porcentaxe
Persoas físicas	3.285	99,1%
Sociedade anónima ou de responsabilidade limitada	23	0,7%
Outro tipo	8	0,2%
<b>TOTAL</b>	<b>3.316</b>	<b>100,0%</b>

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

**Predominan as empresas sen persoal asalariado, que en 2018 representan o 76,3% das empresas deste sector.** Pola contra, as empresas con 10 ou máis persoas asalariadas só representan o 0,1%.

**Gráfico 1 Empresas por número de persoas asalariadas**



Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

**No 2019, en Galicia existían 3.690 autorizacións para transporte público de viaxeiros en taxi (VT),** o que identifica o número de taxis existentes na comunidade. As provincias da **Coruña e Pontevedra concentran tres cuartas parte dos taxis** da comunidade autónoma.

**Táboa 2 Número de autorizacións VT para transporte público de viaxeiros. Ano 2019**


Provincia	Número VT	Porcentaxe
A Coruña	1.492	40,4%
Lugo	542	14,7%
Ourense	366	9,9%
Pontevedra	1.290	35,0%
<b>TOTAL</b>	<b>3.690</b>	<b>100,0%</b>

Fonte: Información subministrada directamente pola Dirección Xeral de Mobilidade. Consellería de Medio

<https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5363&paxina=001&c=0305001002>

Ademais, como se pode ver no seguinte mapa, aínda que en case todos os concellos galegos hai concedida algunha autorización, **os sete grandes concellos de Galicia concentran o 42,5% delas.** De feito, nos concellos de Vigo e A Coruña están o 29,2% das autorizacións concedidas en Galicia (maior peso que en poboación 19,6%).

## Mapa 1 Distribución por concello das autorizacións VT para transporte públicos de viaxeiros. Ano 2019



Fonte: Información subministrada directamente pola Dirección Xeral de Mobilidade. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas  
<https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5363&paxina=001&c=0305001002>

### DATOS RECENTES DE ACTIVIDADE NO SECTOR DO TAXI

A Dirección Xeral de Mobilidade solicita ao IGE estimar o impacto económico da crise sanitaria ocasionada pola Covid-19 sobre o sector do taxi en Galicia con respecto aos seis meses previos.

A información estatística de carácter conxuntural dispoñible na comunidade autónoma acerca do sector do taxi límitase a dúas fontes:

- Indicador de actividade do sector servizos (IASS), con periodicidade mensual
- Afiliacións á Seguridade Social referidas ao última día de cada trimestre natural

### Indicador de actividade do sector servizos (IASS)

O Indicador de actividade do sector servizos (IASS) é unha operación estatística realizada polo Instituto Nacional de Estadística (INE). **Proporciona un índice específico para o transporte por taxi que permite estudar a evolución mensual da actividade do sector do taxi** (medida pola cifra de negocios). Este índice, que en Galicia debe tomarse con precaución polo erro de mostraxe que pode ter asociado, é unha das poucas fontes existentes para analizar a evolución mensual da facturación do sector do taxi.

Porén, a **información ofrecida polo IASS a día de hoxe está referida a febreiro de 2020**, é dicir, non recolle períodos posteriores á declaración o 14 de marzo do estado de alarma polo Goberno de España<sup>1</sup>. Segundo ten difundido o INE na súa páxina Web, **o próximo día 21 de maio publicarase o dato de marzo e o 22 de xuño o dato de abril**. Haberá que esperar a estas datas para coñecer a evolución deste indicador en Galicia.

### Afiliacións á Seguridade Social

O IGE, en virtude dun Convenio de colaboración asinado coa Tesoureira Xeneral da Seguridade Social en materia estatística, recibe información trimestral de afiliacións á Seguridade Social en Galicia.

**Táboa 3 Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral na actividade de transporte por taxi (CNAE 4932). Galicia**

Réxime					Variación (%)	
	Marzo 2019 (día 31)	Setembro 2019 (día 30)	Decembro 2019 (día 31)	Marzo 2020 (día 31)	Marzo 2020- Marzo 2019	Marzo 2020- promedio dous trimestre anteriores
Xeral	961	974	962	862	-10,3%	-11,0%
Especial traballadores autónomos	3.046	3.041	3.030	3.019	-0,9%	-0,5%
<b>TOTAL</b>	<b>4.007</b>	<b>4.015</b>	<b>3.992</b>	<b>3.881</b>	<b>-3,1%</b>	<b>-3,1%</b>

Fonte: : Elaboración IGE a partir dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social

NOTA: Datos referidos ao último día de cada trimestre natural

Segundo esta información, o 31 de marzo de 2020 había en Galicia 3.881 afiliacións na actividade de 'Transporte por taxi' (CNAE-09 4932). Este número é un 3,1% inferior ao

<sup>1</sup> Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19

dato dun ano antes (31 de marzo de 2019); tamén un 3,1% inferior á media do últimos días dos dous trimestres anteriores. O comportamento é moi diferente segundo o réxime do afiliado, as afiliacións ao réxime xeral (asalariadas/os) diminúen máis dun 10% mentres que no réxime dos autónomos o descenso non chega a un 1%. Cómpre indicar que, en liña cos datos analizados da estrutura empresarial do sector, os autónomos representan preto do 80% das afiliacións no sector do taxi.

Como se pode ver na táboa 4, no réxime xeral a diminución da afiliacións na actividade do taxi é superior á do conxunto de actividades económicas de Galicia. En termos interanuais, caen un 10,3% fronte ao 2,9% do total.

**Táboa 4 Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral. Galicia. Variacións (%)**

Réxime	Transporte por taxi		Total actividades	
	Marzo 2020- Marzo 2019	Marzo 2020- promedio dous trimestre anteriores	Marzo 2020- Marzo 2019	Marzo 2020- promedio dous trimestre anteriores
Xeral	-10,3%	-11,0%	-2,9%	-4,0%
Especial traballadores autónomos	-0,9%	-0,5%	-1,5%	-1,1%
<b>TOTAL</b>	<b>-3,1%</b>	<b>-3,1%</b>	<b>-2,6%</b>	<b>-3,4%</b>

*Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social*

En consecuencia, **nos datos de afiliacións á Seguridade Social a 31 de marzo de 2020 detéctase o efecto da situación derivada da COVID-19 no sector do taxi de Galicia, as afiliacións totais diminúen un 3,1%. Pero é no réxime xeral (asalariadas/os) onde se produce o maior descenso, mais dun 10%, caída por enriba da experimentada polo conxunto de actividades económicas de Galicia.**

Con todo, hai que poñer de manifesto que as restricións impostas á circulación de persoas e ás actividades económicas **está a ter un impacto negativo sobre a actividade económica moi superior ao que se reflicte no retroceso do emprego.** Ate o momento, hai un efecto amortiguador provocado por algunhas das medidas tomadas: os expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) e as prestacións extraordinarias por cese de actividade dirixidas aos autónomos.

Para ilustrar este feito, a Táboa 5 compara no mes de marzo (xa con dúas semanas de efecto directo do COVID-19) os datos de ocupación e de cifra de negocio no comercio polo miúdo de Galicia. Comparando cos seis meses anteriores, o emprego cae un 1,8%

mentres que a facturación diminúe un 17,9%, provocada polo descenso do 33,1% no comercio diferente á alimentación, na que se incrementou.

**Táboa 5 Índices de comercio polo miúdo. Base 2015. Galicia**

	Variación (%)	
	Marzo 2020-Marzo 2019	Marzo 2020-promedio seis meses anteriores
Índices da cifra de negocios	-10,0%	-17,9%
Alimentación	12,7%	6,9%
Resto	-23,2%	-33,1%
Índices de ocupación	-0,1%	-1,8%

Fonte: INE. Índices de comercio al por menor

### Outros datos

Neste punto incluimos outra información estatística dispoñible e relacionada coa perda de mobilidade na Comunidade Autónoma de Galicia, con implicacións directas na actividade do transporte por taxi:

- Número de noites en establecementos hoteleiros
- Número de pasaxeiros no transporte aéreo

Como se pode ver na Táboa 6, **a evolución destas variables no mes de marzo indica caídas superiores ao 60%**, pese a que este mes só se viu afectado directamente pola crise sanitaria na segunda quincena.

**Táboa 6 Pasaxeiros en transporte aéreo e número de noites en establecementos hoteleiros. Galicia**

	Variación (%)	
	Marzo 2020-Marzo 2019	Marzo 2020-promedio seis meses anteriores
<b>Pasaxeiros transporte aéreo</b>	-62,7%	-62,6%
<b>Noites nos establecementos hoteleiros</b>	-60,9%	-69,4%

Fonte: Ministerio de Fomento. Transporte aéreo; INE. Enquisa de ocupación hoteleira

Con esta petición a Dirección Xeral de Mobilidade achegou información facilitada directamente por asociacións do sector do taxi en Galicia que representan a algo máis do 40% dos taxis de Galicia. Trátase de datos de empresas mediadoras do servizo de

taxi relativos ao número de servizos demandados a través das centrais de chamadas.

Segundo esta información (ver Anexo 1):

- No conxunto do mes de marzo este tipo de servizos caeron un 42% con respecto á media dos seis meses anteriores.
- Entre o 14 de marzo e o 19 de abril o descenso é do 77%.

Non se dispón de datos sobre os servizos contratados en parada e na rúa, que é de supoñer se verán máis afectados polo confinamento da poboación.

## CONCLUSIÓNS

- De momento, a información estatística acerca do sector do taxi en Galicia que permite analizar os efectos da situación derivada da COVID-19 refírese aos datos de afiliacións á Seguridade Social a 31 de marzo de 2020. Para coñecer a evolución da cifra de negocio nesta actividade haberá que esperar aos próximos día 21 de maio e 22 de xuño, cando o INE publique os datos de marzo e abril do Indicador de actividade do sector servizos (IASS).
- Os datos de afiliacións á Seguridade Social a 31 de marzo de 2020 reflexan que no sector do taxi as afiliacións totais diminúen un 3,1%. No réxime xeral o descenso supera o 10%, caída por enriba da experimentada polo conxunto de actividades económicas de Galicia.
- De momento, o impacto no emprego está a ser menos intenso que na actividade económica polo efecto amortiguador dalgunhas das medidas tomadas: os expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) e as prestacións extraordinarias por cese de actividade dirixidas aos autónomos. Polo que haberá que esperar a ter os resultados do IASS para ver un primeiro efecto económico derivado da situación COVID-19, que é previsible sexa superior.
- Outras informacións estatísticas relacionadas coa mobilidade na Comunidade Autónoma, como son o número de pasaxeiros no transporte aéreo e o número de noites en establecementos hoteleiros, amosan no mes de marzo caídas superiores

ao 60%, pese a que este mes só se viu afectado directamente pola crise sanitaria na súa segunda quincena.

- A información facilitada directamente polas asociacións do sector do taxi en Galicia indican que, desde a declaración do estado de alarma o 14 marzo, os servizos demandados a través das centrais de chamadas caeron un 77%. Esta información non inclúe os servizos contratados en parada e na rúa, que seguramente, se viron aínda máis afectados polo confinamento da poboación. Haberá que agardar a ter máis información estatística de carácter oficial para corroborar este dato.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2020

O DIRECTOR DO INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA

José Antonio Campo Andión



## ANEXO 1

### INFORMACIÓN PROPORCIONADA DIRECTAMENTE POLO SECTOR DO TAXI Á DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE

Con esta petición a Dirección Xeral de Mobilidade remitiu ao IGE información que lle facilitarán directamente dúas asociacións do sector do taxi en Galicia:

Federación de Autónomos del Taxi de Galicia (FEGATAXI)

Asociación provincial de autotaxis de A Coruña

Trátase dos datos de empresas mediadoras do servizo de taxi relativos ao número de servizos demandados a través das centrais de chamadas.

**FEGATAXI** proporcionou datos de servizos demandados polos usuarios do servizo de taxi das centrais de Radio taxi y Teletaxi de 16 concellos galegos: Ames, Arteixo, Caldas de Reis, Cambre, A Coruña, Culleredo, Ferrol, Lugo, Marín, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Sanxenxo, Teo, Vigo e Vilagarcía. Son datos diarios referidos ao período temporal do 1 de setembro 2019 ao 19 de abril de 2020. Segundo a Dirección Xeral de Mobilidade esta información representa a 1.452 taxis, o 40% das autorizacións VT de Galicia.

A **Asociación provincial de autotaxis de A Coruña** proporcionou datos da central de reservas de Radio taxi A Coruña. A información proporcionada é mensual de outubro de 2019 a marzo de 2020. Representa a 125 taxis da Coruña.

En total, **os datos proporcionados polas dúas asociacións representan o 42,7% das autorizacións VT para transporte público de viaxeiros en taxi de Galicia.**

Como se indica, **son datos de demanda de servizos a través de centraliñas telefónicas, é dicir, non recollen a totalidade de servizos realizados polos taxis, faltarían os servizos contratados na rúa e nas paradas, que é probable se viran máis afectados pola declaración do estado de alarma e o conseguinte confinamento da poboación.** A Asociación provincial de autotaxis de A Coruña cuantifica que, aproximadamente, os servizos solicitados desde a rúa representan o 75% e os servizos demandados desde as centraliñas un 25%.

Segundo a información proporcionada, a **demanda de servizos a través de centraliñas telefónicas diminuíu no mes de Marzo de 2020 (a declaración do estado de alarma foi o 14 de marzo), comparada coa media dos seis meses anteriores, un 40,0% no caso de Radio taxi A Coruña e do 42,4% no caso dos representados por FEGATAXI. Se o período analizado é do 14 de marzo ao 19 de abril, a diminución supera o 77%.**

### Servizos demandados a través de centrais de chamadas


	Variación (%)	
	Marzo 2020- promedio seis meses anteriores	Período 14 marzo a 19 abril de 2020- promedio seis meses antes promedio seis meses anteriores
FEGATAXI	-42,4%	-77,1%
RADIO TAXI A CORUÑA	-40,0%	-78,3%

A demanda total de servizos en centraliña decrecería un 42% de acordo aos datos das dúas asociacións. Aínda que cómpre ter en conta que a baixada global da demanda de servizos probablemente será superior, xa que as outras formas de realizar os servizos, na rúa ou nas paradas, serían moi escasas ou practicamente nulas a partir do 14 de marzo, polo confinamento da poboación. A Asociación provincial de autotaxis de A Coruña cuantifica que os servizos solicitados desde a rúa diminuíron un 90%.

Porén, **os datos do conxunto do mes de marzo son moi diferentes antes e despois da declaración do estado de alarma. Segundo os datos proporcionados por FEGATAXI, con información diaria desde o 1 de setembro de 2019, a redución da actividade en centraliña para os seus asociados desde a declaración do estado de alarma e ata o día 19 de abril de 2020 estaría no 77,1%, comparando coa media diaria dos seis meses anteriores.**

O seguinte gráfico recolle a evolución diaria desta información. Obsérvase a diminución na actividade dos servizos en centraliña desde o día 12 de marzo, diminución que se acentúa a partir do día 14 de marzo (declaración do estado de alarma), cando as diminucións diarias están entre o 70% e o 90%. Desde mediados de abril hai unha redución permanente por enriba do 80%.

**FEGATAXI: Servizos demandados diariamente polas centrais de chamadas.**  
**Variación con respecto a media diaria dos meses de setembro 2019 a febreiro 2020**  
**(%)**



Como se indicou antes, esta diminución corresponde unicamente aos servizos en centraliña, unha das formas na que prestan servizos os taxis. Probablemente a redución na actividade total sexa superior, pois non se dispón de datos sobre os servizos contratados en parada e na rúa que, previsiblemente, se viron máis afectados polo confinamento da poboación.